

# E-DIXGAL CURSO 2021-22

CEIP PLURILINGÜE BARRIÉ DE LA MAZA

Queridas familias, como sabedes neste curso 2021-22 o alumnado que pasa para 5º de EP entrará no programa E-DIXGAL pero **non recibirán os equipos ata setembro**. Este programa garante a dixitalización das aulas e o acceso a material tecnolóxico. O obxectivo é levar a cabo unha nova maneira de ensinar que prepare ao noso alumnado para a sociedade dixital do futuro. O alumnado de 6º segue no programa.

Recomendamos os seguintes enlaces para ter máis información:

- [Folleto informativo para familias](#).
- Vídeos E-Dixgal da Xunta de Galicia.
  - [Vídeo 1](#).
  - [Vídeo 2](#).
  - [Vídeo 3](#).
- Precisas aínda máis información? [Segue esta ligazón](#).

## Que vai acontecer nas primeiras semanas de setembro?

O alumnado de 5º de EP recibirá un acordo de cesión dun material que conterá:

- Portátil convertible.
- Lapis dixital.
- Cargador.
- Maletín de transporte.

Deberán retornar eses acordos asinados, de non facelo non se lle poderá facilitar o equipo.

Tamén se lle entregará de novo o equipo ao alumnado que agora pasa para 6º e o devolveu ao final de curso.

Este equipo será responsabilidade das/dos nais/pais titoras/es legais do alumnado, non deixedes de revisar o [folleto informativo](#) onde atoparedes detalles sobre este apartado. Existe a posibilidade de contratar un **seguro NON obrigatorio** pero si recomendable para o equipo. Toda esa xestión é externa ao centro e realízase co servizo de mantemento PREMIUM do que atoparedes información máis abaixo neste documento.

### 7. SEGURO OPCIONAL PARA O PORTÁTIL



Se así o desexa, **pode contratar un seguro anual** (válido dende setembro de 2021 ata agosto de 2022), que permite cubrir o risco dos danos no portátil non contemplados na garantía.

O **custe anual do devandito seguro é de 49 € (I.V.E. incluído)**, e a súa contratación pode realizarse a través do número de teléfono **881 505 136**.

O **seguro cubre** os seguintes danos:

- **Rotura** de calquera compoñente do equipo (pantalla, carcasa, teclas, bisagras, conector de alimentación, outros conectores...).
- Rotura do cargador de alimentación.

O **seguro NON cubre** os seguintes danos:

- **Roubo, hurto, extravío ou pérdida**, tanto do portátil, como do cargador de alimentación, ou do lapis.
- Rotura do lapis, ou da punta deste.

# E-DIXGAL CURSO 2021-22

CEIP PLURILINGÜE BARRIÉ DE LA MAZA

## CONTACTO CO SERVIZO PREMIUM



TELÉFONO: 881 86 99 00



CORREO-E: [soporte.premium@edu.xunta.es](mailto:soporte.premium@edu.xunta.es)



TELEGRAM: @serviciopremiumedixgal



WhatsApp: 604067856

## Que é o Servizo Premium

Trátase dun servizo 24/7 ao que podes contactar para calquera dúbida sobre a plataforma ou sobre calquera incidencia técnica.

## Como accederá o alumnado a E-DIXGAL

Poderá facelo dende o equipo E-Dixgal ou dende calquera outro equipo con acceso a internet e coas súas credenciais. Seranlle facilitadas dende o centro. O acceso pode ser ben con internet a través da plataforma [EVA](#) ou ben sen el a través da aplicación EVA Offline que atoparan no PC convertible. Na web do centro dispoñemos xa dun acceso directo a EVA online, aparece co nome de EDIXGAL na foto do lateral.



## Máis sobre os equipos

O alumnado deberá levar e traer os equipos da casa ao centro a diario. **Será a súa responsabilidade traelo sempre cargado** para poder traballar con el.

No caso de alumnado que teña ordenador na casa e acceso a internet, pode deixar o ordenador no centro para evitar cargar con el todos os días. De todas formas, no primeiro mes de uso cómpre que o leve para que se afaga a traballar con ese equipo. Tras ese período, podería deixalo en aula, acceder dende a casa co seu PC á plataforma EVA coas súas credenciais, onde atopará o seu traballo no punto exacto no que o deixou na aula.

## Tedes dúbidas?

Se tes preguntas non dubidades en contactar co centro educativo podes facelo a través do teléfono do centro educativo 881 866 918 e preguntar polo Coordinador TIC que tratará de resolvelas. Tamén podes enviar un correo electrónico a [ceip.barrie.maza@edu.xunta.es](mailto:ceip.barrie.maza@edu.xunta.es) coas vosas preguntas e un teléfono de contacto ao que chamaremos para darlle resposta.

Pedimos tamén paciencia, instaurar E-Dixgal é un proceso complexo que require formación tanto de alumnado como do profesorado polo que a entrega de equipos se pode demorar. Desculpade as molestias.

*“A paciencia é unha árbore de raíces amargas pero de froitos doces”*

**Jean Jacques Rousseau**  
(Filósofo Francés)